



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CENTRO: IES DE CURTIS  
CURSO: 4º ESO  
MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA  
DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA  
DATA: 8/5/2020

## ÍNDICE

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

**Avaliación e cualificación.**

**Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

**Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>BLOQUE 1. A DINÁMICA DA TERRA</b>	
<p>B2.1. Recoñecer, compilar e contrastar feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante.</p> <p>B2.2. Rexistrar e reconstruír algúns dos cambios máis notables da historia da Terra, e asocialos coa súa situación actual.</p> <p>B2.3. Categorizar e integrar os procesos xeolóxicos máis importantes da historia da Terra.</p> <p>B2.4. Recoñecer e datar eóns, eras e períodos xeolóxicos, utilizando o coñecemento dos fósiles guía.</p> <p>B2.5. Interpretar cortes xeolóxicos sinxelos e perfís topográficos como procedemento para o estudo dunha zona ou dun terreo.</p> <p>B2.6. Comprender e comparar os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.</p> <p>B2.7. Combinar o modelo dinámico da estrutura interna da Terra coa teoría da tectónica de placas.</p> <p>B2.8. Recoñecer as evidencias da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.</p> <p>B2.9. Interpretar algúns fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento da litosfera e relacionalos coa súa situación en mapas terrestres. Comprender os fenómenos naturais producidos nos contactos das placas.</p> <p>B2.10. Explicar a orixe das cordilleiras, os arcos de illas e os oróxeos térmicos.</p> <p>B2.11. Contrastar os tipos de placas litosféricas e asociallles</p>	<p>BXB2.1.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.</p> <p>BXB2.2.1. Reconstrúe algúns cambios notables na Terra, mediante a utilización de modelos temporais a escala e recoñecendo as unidades temporais na historia xeolóxica.</p> <p>BXB2.3.1. Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, e recoñece algúns animais e plantas característicos de cada era.</p> <p>BXB2.4.1. Relaciona algún dos fósiles guía máis característico coa súa era xeolóxica.</p> <p>BXB2.5.1. Interpreta un mapa topográfico e fai perfís topográficos..</p> <p>BXB2.5.2. Resolve problemas sinxelos de datación relativa, aplicando os principios de superposición de estratos, superposición de procesos e correlación.</p> <p>BXB2.6.1. Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.</p> <p>BXB2.7.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.</p> <p>BXB2.8.1. Expresa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.</p> <p>BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.</p> <p>BXB2.9.2. Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo.</p> <p>BXB2.10.1. Identifica as causas dos principais relevos terrestres.</p>

<p>movimentos e consecuencias.</p> <p>B2.12. Analizar que o relevo, na súa orixe e na súa evolución, é resultado da interacción entre os procesos xeolóxicos internos e externos.</p>	<p>BXB2.11.1. Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos.</p> <p>BXB2.12.1. Interpreta a evolución do relevo baixo a influencia da dinámica externa e interna.</p>
<p><b>BLOQUE 2. A EVOLUCIÓN DA VIDA</b></p>	
<p>B1.1. Determinar as analogías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar as relacións evolutivas entre elas.</p> <p>B1.2. Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular, a través da observación directa ou indirecta.</p> <p>B1.3. Comparar a estrutura dos cromosomas e da cromatina.</p> <p>B1.5. Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función.</p> <p>B1.8. Valorar e recoñecer o papel das mutacións na diversidade xenética, e comprender a relación entre mutación e evolución.</p> <p>B1.9. Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel.</p> <p>B1.10. Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo, e establecer a relación entre elas.</p> <p>B1.11. Coñecer e identificar algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social.</p>	<p>BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.</p> <p>BXB1.1.2. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.</p> <p>BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.</p> <p>BXB1.3.1. Recoñece as partes dun cromosoma utilizándoo para construír un cariotipo.</p> <p>BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.</p> <p>BXB1.8.1. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.</p> <p>BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.</p> <p>BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.</p> <p>BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.</p>


Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo persoal: valoraranse os contidos e a forma (presentación, expresión, ortografía, vocabulario, etc).</li> </ul> <p>Realización das actividades de repaso e reforzo na casa.  Realización das actividades específicas de recuperación.  Realización das tarefas de ampliación.  Interese e participación nas actividades realizadas.  Puntualidade na entrega das tarefas realizadas.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Boletíns de actividades.  Visualización de videos.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Para os alumnos e alumnas que teñan superadas a primeira e segunda avaliación: a cualificación final será a nota media das dúas avaliacións.  O traballo telemático realizado desde a suspensión das clases, tanto de ampliación de materia como de recuperación e reforzo, se valorará unicamente para mellorar a nota media final da materia, ata un máximo de 2 puntos.</li> <li>• Para o alumnado que non adquiriu as aprendizaxes e competencias imprescindibles na primeira e/ou segunda avaliación:</li> </ul> <p>- Se a situación sanitaria permite o regreso ás aulas, realizaránse probas escritas de carácter presencial para recuperar a materia de Bioloxía e Xeoloxía (primeira e segunda avaliacións).</p> <p>- No caso de que o alumnado non poida regresar ás aulas, as probas escritas substituiránse polo traballo telemático de reforzo e recuperación realizados no terceiro trimestre, desde a suspensión das clases.</p> <p>- O profesor, en caso de que o considere necesario, poderá engadir traballo telemático adicional, específico, a aqueles alumnos que o necesiten para superar as competencias, de forma individual.</p> <p>Nestas actividades telemáticas valorarase o traballo persoal do alumnado: se terán en conta os contidos e a forma (presentación, expresión, ortografía, vocabulario, etc.), o interese na realización das tarefas encomendadas, así como o respecto as datas de entrega das mesmas (aquelas entregadas fóra de prazo, sen xustificación, non serán avaliadas).</p> <p>Os alumnos que non aproben a materia en xuño, realizarán unha proba escrita en setembro (se a situación sanitaria o permite). A proba realizarase tendo en conta os contidos mínimos que figuran nesta</p>

	programación.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	O alumnado que non adquiriu as aprendizaxes e competencias imprescindibles na avaliación ordinaria de Xuño, realizará unha proba escrita en setembro (se a situación sanitaria o permite). A proba realizarase tendo en conta os contidos mínimos que figuran nesta programación.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	

<b>Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Actividades de repaso, recuperación e reforzo da primeira e segunda avaliación.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>As comunicacións co alumnado realízanse a través do correo electrónico, onde cada semana se lles informará das tarefas a realizar.</p> <p>Para as actividades, os alumn@s tiveron que ler os documentos suxeridos pola profesora, ver vídeos, e facer boletíns de actividades con preguntas variadas (preguntas de resposta curta, tipo test, de relación, verdadeiro ou falso, análise de textos e interpretación de gráficos e imaxes).</p> <p>O alumnado entrega as tarefas a través correo electrónico, utilizando o formato que lle sexa mais cómodo (pdf, fotos da libreta ou arquivos de texto).</p> <p>As actividades son corrixidas individualmente, xunto coas explicacións ou aclaracións necesarias a cada alumno e alumna, e enviadas por correo electrónico coa súa calificación.</p> <p>Calquera dúbida, incidencia ou suxestión, é atendida no correo electrónico.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Correo electrónico</p> <p>Libro de texto</p> <p>Apuntes-resumos</p> <p>Vídeos</p> <p>Boletíns de actividades</p>



<b>Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	As comunicacións co alumnado realízanse a través do correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.